

49.º O actual artigo 39. Institucións públicas e de crédito e aforro, pasa a se-lo artigo 49. Institución pública de crédito e aforro.

Sen modificación.

50.º O actual artigo 40. Orzamentos, pasa a se-lo artigo 50. Orzamentos.

«1. Os orzamentos da Comunidade constituirán a expresión cifrada conxunta e sistemática das obrigas que como máximo poden recoñecer e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio. Terán carácter anual e incluírán a totalidade dos gastos e ingresos dos organismos e entidades que a integren, e neles consignarase o importe dos beneficios fiscais que afecten os tributos atribuídos á Comunidade de Castela e León.

2. Corresponderá á Xunta elabora-los orzamentos de Castela e León e ás Cortes de Castela e León o seu exame, emenda, aprobación e control. A Xunta presentará o proxecto de orzamentos ás Cortes de Castela e León antes do 15 de outubro de cada ano. Se non for aprobado antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, ficarán automaticamente prorrogados os do ano anterior ata se aproba-lo novo.

3. Os orzamentos da Comunidade presentaranse equilibrados e a súa elaboración e xestión efectuarase con criterios homoxéneos ós do Estado, de forma que sexa posible a súa consolidación.

4. A contabilidade da Comunidade adaptarase ó Plan Xeral de Contabilidade Pública que se establece para todo o sector público.

A Comunidade estará obrigada a publica-los seus orzamentos e contas anuais e a subministra-la información que requira o Consello de Política Fiscal e Financeira, certificando a exactitude material dos datos contables.

5. En todo o non disposto por este estatuto en materia de contabilidade e control da actividade financeira, terase en conta a lexislación estatal que sexa aplicable.»

51.º Engádesse un novo artigo:

«Artigo 51. *Consello de Contas.*

1. O Consello de Contas, dependente das Cortes de Castela e León, realizará as funcións de fiscalización externa da xestión económica, financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma e demais entes públicos de Castela e León, sen prexuízo das competencias que corresponden ó Tribunal de Contas conforme a Constitución.

2. Unha lei das Cortes regulará as súas competencias, organización e funcionamento.»

52.º O actual artigo 41. Coordinación das Facendas locais, pasa a se-lo artigo 52. Coordinación das Facendas locais.

Sen modificación.

53.º O actual artigo 42. Sector público, pasa a se-lo artigo 53. Sector público.

Sen modificación.

54.º Engádesse un novo artigo:

«Artigo 54. *Consello Económico e Social.*

1. O Consello Económico e Social é un órgano colexiado de carácter consultivo e asesor en materia socioeconómica da Comunidade Autónoma de Castela e León.

2. Unha lei da Comunidade regulará a súa organización e funcionamento.»

55.º O actual artigo 43. Procedemento, pasa a se-lo artigo 55. Procedemento.

56.º«Disposición adicional terceira:

Dada a relevancia que a bacía do Douro ten como elemento configurador do territorio de Castela e León, a Comunidade Autónoma cooperará nos termos previstos na lexislación estatal e mediante os oportunos convenios, especialmente en materia de xestión, no exercicio das competencias a que se refire o artigo 149.1.22.ª da Constitución, todo isto sen prexuízo das previsións establecidas no artigo 37.1 do presente estatuto.»

57.º«Disposición adicional cuarta:

A celebración de eleccións atenderá ó que dispoñan as Cortes Xerais, co fin exclusivo de coordinar-lo calendario das diversas consultas electorais.»

58.º As disposicións transitorias non teñen modificación, salvo a disposición transitoria primeira, punto dous:

Onde di: «... conforme o disposto no artigo 15 deste estatuto.»

Debe dicir: «... conforme o disposto no artigo 17 deste estatuto.»

59.º A disposición derogatoria non ten modificación.

60.º A disposición derradeira non ten modificación.

Disposición derogatoria única.

Ó entrar en vigor a presente reforma do Estatuto de autonomía de Castela e León quedarán derogadas as disposicións de igual ou inferior categoría que se opoñan a ela.

Disposición derradeira única.

A presente reforma do Estatuto de autonomía de Castela e León entrará en vigor o mesmo día en que se publique a Lei orgánica da súa aprobación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 8 de xaneiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

460

REAL DECRETO-LEI 1/1999, do 8 de xaneiro, sobre selección de persoal estatutario e provisión de prazas nas institucións sanitarias da Seguridade Social. («BOE» 8, do 9-1-1999.)

A Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, no seu artigo 34.catro, modificou os sistemas de selección de persoal e de provisión de prazas e postos de traballo nas institucións sanitarias da Seguridade Social, adaptando aqueles á realidade e estrutura do sistema sanitario público no noso país e derogando as normas que ata tal momento os regulaban, moitas das cales databan de datas anteriores á

institución española e á nova organización territorial do Estado que se deriva do seu título VIII.

Desenvolvido regulamentariamente este precepto legal polo Real decreto 118/1991, do 25 de xaneiro, interpuxéronse contra esta norma diversos recursos contencioso-administrativos, que motivaron que a Sala Terceira do Tribunal Supremo presentase ante o Tribunal Constitucional cuestión de inconstitucionalidade respecto do artigo 34.catro da citada Lei 4/1990. A cuestión foi resolta mediante sentenza do 15 de outubro de 1998 que, estimando que a Lei de orzamentos non é o marco adecuado para a introducción de tal normativa, declara inconstitucional e, en consecuencia, nulo o artigo citado.

Tal declaración incide sobre a propia validez do Real decreto 118/1991, norma esta que constitúe o auténtico regulamento das probas selectivas para o acceso á condición de persoal estatutario e para os procesos de provisión de prazas nas institucións sanitarias da Seguridade Social.

Sucede isto nun momento no que as administracións sanitarias públicas, conforme as previsións da disposición adicional vixésima da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, iniciaron un proceso xeneralizado de cobertura de prazas e de consolidación de emprego, proceso longo tempo esperado polos colectivos profesionais afectados.

Actualmente están en tramitación, ou a punto de ser convocadas, numerosas probas selectivas ou concursos de traslados para a cobertura de varios miles de prazas das distintas categorías ou tipos de persoal das institucións e centros sanitarios do Sistema Nacional de Saúde, convocatorias que poden verse privadas do regulamento que regula o seu desenvolvemento e tramitación. As repercusións que isto tería non só no correcto funcionamento do sistema sanitario, que vería adiada a incorporación de varios miles de profesionais a numerosos hospitais e centros de saúde, senón tamén nas lexítimas expectativas de centos de miles de cidadáns que aspiran a acceder a un posto de traballo no sistema sanitario público a través de procedementos xa convocados ou a piques de selo, son evidentes.

Resulta, por todo isto, necesaria e urxente a adopción polo Goberno dunha medida lexislativa extraordinaria que dea cobertura ós procesos selectivos agora en marcha e ás convocatorias que, en desenvolvemento das ofertas de emprego, foron anunciadas por diferentes Servicios de Saúde para o inmediato futuro. Concorren na situación descrita razóns de extraordinaria e urxente necesidade que, conforme as previsións constitucionais, aconsellan a promulgación dun real decreto lei.

A lexislación que adopta agora o Goberno está chamada a ter eficacia sobre as convocatorias en trámite e sobre os procesos selectivos que poidan promoverse a curto prazo, xa que se encontra en proceso avanzado de negociación coas comunidades autónomas e cos representantes sociais o anteproxecto de Lei reguladora do Estatuto marco do persoal estatutario dos Servicios de Saúde, promovido polo Goberno en desenvolvemento das recomendacións da resolución do Congreso dos Deputados do 18 de decembro de 1997, pola que se aproba o informe da Subcomisión constituída no seo da Comisión de Sanidade e Consumo para avanzar na consolidación do Sistema Nacional de Saúde.

Este estatuto-marco establecerá a nova lexislación básica do sector en materia de selección de persoal e provisión de prazas, e coa súa implantación quedarán sen efecto os estatutos de persoal vixentes e a normativa posterior, entre ela, este mesmo real decreto-lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xaneiro de 1999,

DISPONGO :

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

A selección do persoal estatutario e a provisión de prazas das institucións sanitarias da Seguridade Social efectuaranse polos sistemas e procedementos establecidos neste real decreto-lei.

CAPÍTULO I

Selección de persoal

SECCIÓN 1.^a CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS

Artigo 2. *Normas xerais das convocatorias.*

1. As probas selectivas para o acceso á condición de persoal estatutario axustaranse ós principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ó de publicidade, e constarán, con carácter xeral, das fases de concurso e de oposición. Non obstante, as correspondentes ás categorías de persoal en que as funcións que se van realizar ou o previsible número de aspirantes o aconselle, constarán só da fase de oposición.

2. A Administración pública ou Servicio de Saúde do que dependan as institucións sanitarias afectadas iniciará o sistema selectivo mediante convocatoria que deberá ser inserida, segundo proceda, no «Boletín Oficial del Estado» ou no «Boletín Oficial» da Comunidade Autónoma.

Adoptaranse así mesmo as medidas de publicidade necesarias para asegura-la divulgación da convocatoria entre as organizacións, institucións e servicios nos que poida resultar de interese.

3. A convocatoria das probas selectivas deberá conter, polo menos, as seguintes especificacións:

- Número e características das prazas convocadas.
- Condicións e requisitos que deben reuni-los aspirantes.
- Modelo de solicitude.
- Centro ou dependencia ó que deben dirixirse as solicitudes e prazo para presentalas; a súa duración será como mínimo dun mes.
- Contido das probas de selección e baremos e programas aplicables a elas, así como o sistema de cualificación.

4. No ámbito de cada Administración pública, as probas selectivas poderán desenvolverse de forma descentralizada, ben logo de convocatoria única, ben logo de convocatorias realizadas no nivel dos ámbitos que se determinen.

a) Cando as probas descentralizadas se realicen logo de convocatoria única, esta establecerá un tribunal que coordinará a actuación dos tribunais auxiliares que se constituán nos diferentes ámbitos, e ó que corresponderá adoptar-las medidas necesarias para a correcta realización das probas, nos termos que a convocatoria determine.

b) Cando as probas se efectúen logo de convocatorias realizadas en ámbitos determinados, unha convocatoria xeral, que conterá as especificacións a que se refire o punto 3 anterior, determinará o número de prazas que queden vinculadas a cada un dos ámbitos ó longo de todo o proceso de selección e provisión. Igualmente, establecerá os prazos de presentación de solicitudes para participar nas probas e as medidas de coordinación do desenvolvemento destas que resulten

necesarias, dirixidas, se é o caso, a asegura-la realización simultánea dos exercicios nas distintas localidades. Neste suposto, só será necesario publicar no boletín ou diario oficial a convocatoria xeral, e cada convocatoria concreta farase pública en forma que garanta suficientemente o seu coñecemento polos posibles afectados e, en todo caso, mediante a súa fixación durante un prazo mínimo de vinte días nos taboleiros de anuncios do órgano ó que corresponda efectuala.

Artigo 3. *Bases das convocatorias.*

1. A convocatoria e as súas bases vinculan a Administración, os tribunais encargados de vulgar-las probas e os que participen nelas.

2. Unha vez publicadas, as convocatorias ou as súas bases soamente poderán ser modificadas con suxeición estricta ás normas da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, agás no relativo ó incremento do número de prazas convocadas, se iso viñese imposto polas necesidades do servizo. Neste suposto, e sempre que tal incremento non supere o 15 por 100 das prazas inicialmente convocadas e que a resolución que o autorice sexa publicada antes do remate da fase de oposición, non será preceptiva a apertura de novo prazo de presentación de instancias.

3. Poderán ser aprobadas bases xerais nas que se determinen os requisitos dos aspirantes, o procedemento de selección, as probas que hai que superar ou os programas e formas de cualificación aplicables a sucesivas convocatorias para o acceso a unha determinada categoría ou especialidade.

As bases xerais serán publicadas no correspondente boletín ou diario oficial.

Artigo 4. *Impugnación de convocatorias.*

As convocatorias, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas, así como a actuación dos tribunais, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma previstos con carácter xeral na lexislación aplicable.

Artigo 5. *Tribunais.*

1. Os tribunais serán nomeados pola autoridade convocante, mediante acordo que se publicará na forma en que a convocatoria determine cunha antelación dun mes, como mínimo, ó comezo das probas.

2. Os tribunais estarán compostos dun número de membros non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de membros suplentes. Tódolos membros do tribunal, tanto titulares coma suplentes, deberán encontrarse en posesión de titulación de igual ou superior nivel académico cá esixida para o ingreso.

Os tribunais poderán dispoñer-la incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para todas ou algunhas das probas, de acordo co previsto nas convocatorias. Estes asesores deberán posuír titulación académica de nivel igual ou superior á esixida para o ingreso, e limitaranse ó exercicio das súas especialidades técnicas, de acordo exclusivamente coas cales colaborarán co órgano de selección.

3. Entre os membros dos tribunais deberán figurar, en todo caso, persoas que manteñan unha vinculación profesional de carácter fixo coas administracións públicas ou os Servizos de Saúde, debendo quedar debidamente acreditada no expediente a causa que determine os nomeamentos que, excepcionalmente, non

recaian en persoal fixo. Nos termos que se fixen nos pactos a que se refire a Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servizo das administracións públicas, as organizacións sindicais poderán propoñer un vocal dos ditos tribunais.

4. Correspóndenlle ós tribunais as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas e á cualificación dos aspirantes, tanto na fase de oposición como na de concurso, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento das probas selectivas, de conformidade co establecido neste real decreto-lei e na correspondente convocatoria. Os tribunais auxiliares a que se refire o artigo 2.4.a) deste real decreto-lei asumirán as funcións que a convocatoria expresamente determine.

Artigo 6. *Relacións de admitidos e excluídos.*

1. Rematado o prazo de presentación de instancias, aprobarase a relación de aspirantes admitidos e excluídos á realización das probas selectivas. A correspondente resolución, que se publicará na forma en que a convocatoria determine, indicará o prazo de emenda que se lles concede ós excluídos.

2. Para ser admitido na realización das probas abondará con que os aspirantes manifesten e declaren nas súas instancias que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións esixidas, referidas á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes.

3. A autoridade convocante, por si mesma ou por proposta do presidente do tribunal, deberá dar conta ós órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorre-los aspirantes, para os efectos que procedan.

Artigo 7. *Desenvolvemento do proceso de selección.*

1. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, ou cando nos cinco anos anteriores á convocatoria realizasen tarefas específicas de preparación de aspirantes para o ingreso na mesma categoría estatutaria. Tales circunstancias deberán ser notificadas polos interesados á autoridade convocante que, se é o caso, procederá ó nomeamento dos novos membros do tribunal, non sendo necesario neste caso o cumprimento do prazo a que se refire o artigo 5.1 deste real decreto-lei.

Os aspirantes poderán recusar, en calquera momento, os membros dos tribunais nos casos previstos no parágrafo anterior.

2. Unha vez comezadas as probas, os anuncios de realización dos sucesivos exercicios serán feitos públicos polo tribunal nos lugares que a convocatoria determine, polo menos con doce horas de antelación á da realización da proba, se se trata do mesmo exercicio, ou con vinte e catro horas de antelación, se se trata dun novo exercicio.

3. Os tribunais adoptarán as medidas oportunas para que os exercicios escritos da fase de oposición sexan corrixidos coa maior brevidade e sen coñecemento da identidade do aspirante. As cualificacións outorgadas ós aspirantes que superen cada exercicio faranse públicas nos lugares que a convocatoria determine tan pronto estean asignadas. Cando o exercicio consista nunha proba de carácter oral ou na lectura ante o tribunal dunha proba escrita, a cualificación dos aspirantes que a superasen farase pública ó remate de cada sesión.

4. As resolucións ou acordos dos tribunais vinculan a Administración, agás que se incorrese en defectos esenciais de procedemento.

SECCIÓN 2.^a PROBAS SELECTIVAS POLO SISTEMA DE OPOSICIÓNArtigo 8. *Contido da oposición.*

1. A selección de persoal polo sistema de oposición supón a realización por parte dos aspirantes dos exercicios previstos na convocatoria, para determina-la súa aptitude para o desempeño da praza. Tales exercicios deberán consistir en probas de coñecementos xerais ou específicos das que tamén poderán formar parte test psicotécnicos, entrevistas e calquera outro sistema que resulte adecuado para asegura-la obxectividade e racionalidade do proceso selectivo e a súa adecuación ás funcións que se van realizar.

2. Os exercicios da oposición serán eliminatorios, nos termos que a convocatoria determine. Poderán incluírse exercicios voluntarios, non eliminatorios, dirixidos a acredita-lo coñecemento de materias concretas, se ben a súa puntuación máxima non poderá exceder do 10 por 100 da puntuación máxima conxunta do resto dos exercicios.

Artigo 9. *Relación de aprobados.*

1. Rematadas as probas selectivas, o tribunal fará pública, nos lugares que a convocatoria determine, a relación de aspirantes aprobados nelas pola orde da puntuación alcanzada no conxunto dos exercicios. O número de aspirantes aprobados non poderá supera-lo número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraña o anteriormente establecido será totalmente ineficaz na parte en que excedan do número de prazas convocadas.

2. A relación de aspirantes aprobados será elevada polo tribunal á autoridade convocante, que ordenará a publicación da relación de prazas que se ofertan ós aprobados, na forma e lugares que na convocatoria se determinen. As prazas que se oferten ós aspirantes aprobados serán sempre prazas básicas da correspondente categoría estatutaria.

3. Os aspirantes que figuren na relación de aprobados disporán dun prazo de vinte días naturais, contados desde o seguinte ó que se produza a publicación a que se refire o punto 2 anterior, para presenta-los documentos acreditativos esixidos na convocatoria e para solicitar praza entre as ofertadas.

4. Os que dentro do prazo indicado, e agás casos de forza maior, non presentasen a documentación, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

Os aspirantes aprobados que tivesen a condición de persoal fixo das administracións públicas ou dos Servizos de Saúde estarán exentos de xustifica-las condicións e requisitos xa acreditados para obte-lo seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación do organismo do que dependan, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

5. A adxudicación das prazas entre os aspirantes aprobados efectuarase á vista das peticións presentadas por estes e atendendo a orde obtida na oposición, sen prexuízo do previsto no artigo 14.2 deste real decreto-lei.

Os empates que se produzan na puntuación total serán resoltos na forma que a convocatoria determine.

Os que non presenten solicitude de praza ou non lles corresponda ningunha praza de entre as efectivamente solicitadas serán destinados a algunha das que resten vacantes unha vez adxudicadas a tódolos aprobados.

Artigo 10. *Nomeamentos.*

1. Rematado o prazo de presentación de documentación e de solicitude de praza, acordarase o nomeamento dos aspirantes seleccionados, con expresión da praza adxudicada. A publicación do acordo de nomeamento efectuarase na forma que a convocatoria determine.

2. Os nomeados disporán do prazo dun mes para incorporarse á praza adxudicada. O cómputo do dito prazo iniciarase o día seguinte ó da publicación a que se refire o punto 1 anterior.

SECCIÓN 3.^a PROBAS SELECTIVAS POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓNArtigo 11. *Contido do concurso-oposición.*

1. As probas selectivas polo sistema de concurso oposición consistirán na realización de cada unha das ditas fases, co fin de determina-la aptitude e méritos dos aspirantes e de fixa-la orde de prelación destes para a selección.

2. Na fase de concurso valoraranse, de acordo co baremo, os méritos directamente relacionados co contido das prazas que se van prover e a experiencia profesional en postos de persoal sanitario. En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá ser aplicada para superar exercicios da fase de oposición.

O tribunal asignará a puntuación prevista no baremo ós méritos acreditados polos aspirantes que superasen a fase de oposición. Só poderán ser valorados os méritos que ostenten os interesados o último día do prazo de presentación de solicitudes, e que sexan suficientemente acreditados na forma e prazo que a convocatoria determine.

3. A fase de oposición desenvolverase conforme o establecido nos artigos precedentes.

Non obstante, e sen prexuízo do carácter eliminatorio dos exercicios na forma que a convocatoria determine, poderán supera-la fase de oposición un número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

Artigo 12. *Oferta e adxudicación de prazas.*

1. Rematadas as probas selectivas, o tribunal fará pública, na forma e lugares que a convocatoria determine, a relación de aspirantes por orde da puntuación alcanzada, que será a suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso e de oposición. Os empates na puntuación total resolveranse na forma en que a convocatoria determine. Esta relación será elevada polo tribunal á autoridade convocante.

2. Na forma en que a convocatoria determine, farase pública a resolución pola que se aproben a relación de prazas que se lles ofertan ós aspirantes e o procedemento para que estes poidan efectua-la súa opción a praza. As vacantes que se oferten corresponderán sempre a prazas básicas da correspondente categoría.

3. As prazas adxudicaranse entre os aspirantes de acordo coa súa solicitude e pola orde da puntuación alcanzada. Perderán os dereitos derivados da súa participación nas probas selectivas os aspirantes que non soliciten praza en tempo e forma, conforme o que establece a resolución a que se refire o punto 2 anterior, e os que non obteñan ningunha praza de entre as efectivamente solicitadas así como aqueles ós que, pola puntuación obtida no concurso oposición, non corresponda ningunha praza de entre as ofertadas.

Soamente poderán ser declarados aprobados nas probas selectivas os aspirantes que obteñan praza.

4. A autoridade convocante publicará a relación de aspirantes aprobados con indicación da praza que lles corresponde. Os aprobados disporán dun prazo de vinte días naturais, contados desde o día seguinte á dita publicación, para presentalos documentos acreditativos esixidos na convocatoria.

5. Os que dentro do prazo fixado, e agás casos de forza maior, non presentasen a documentación, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen ter incorrido por falsidade na súa instancia. En tal caso, a praza incluírase entre as convocadas no seguinte proceso selectivo.

Os aspirantes aprobados que tivesen a condición de persoal fixo das administracións públicas ou dos Servizos de Saúde estarán exentos de acreditar as condicións e requisitos xa xustificadas para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación do organismo do que dependan acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

Artigo 13. *Nomeamentos.*

1. Rematado o prazo para a presentación da documentación, acordarase o nomeamento dos aspirantes aprobados, que se publicará na forma que a convocatoria determine.

2. Os nomeados disporán do prazo dun mes para incorporarse á praza adxudicada. O cómputo deste prazo iniciárase o día seguinte ó da publicación a que se refire o punto 1 anterior.

SECCIÓN 4.^a PROMOCIÓN INTERNA

Artigo 14. *Réxime xeral.*

1. Terá acceso ó sistema de promoción interna o persoal estatutario fixo ou do cadro de persoal da correspondente Administración pública pertencente ó grupo de clasificación dos establecidos no artigo 3 do Real decreto-lei 3/1987, do 11 de setembro, inmediatamente inferior que completase dous anos de servizos con praza en propiedade e que reúna os requisitos xerais e específicos esixidos en cada caso.

Isto non obstante, e se así o prevé a convocatoria, poderá tamén acceder ó sistema de promoción interna o persoal estatutario fixo ou do cadro de persoal pertencente ó mesmo grupo de clasificación ou ó resto dos grupos inferiores.

2. As prazas que non se provexan polo sistema de promoción interna acumularanse ás convocadas polo sistema xeral de acceso libre, agás no caso de convocatorias independentes de promoción interna.

En cada convocatoria, os aspirantes seleccionados polo sistema de promoción interna terán preferencia para a elección de praza sobre os procedentes do sistema xeral de acceso libre.

Artigo 15. *Sistema selectivo.*

1. As probas selectivas para o acceso polo sistema de promoción interna efectuaranse polo sistema de concurso-oposición, que se desenvolverá de acordo co establecido neste capítulo.

2. Na fase de concurso, os aspirantes que concorran polo sistema de promoción interna poderán obter, se así o prevé a convocatoria, unha puntuación adicional que se outorgará atendendo fundamentalmente o contido funcional da categoría estatutaria de procedencia, así como os servizos prestados nela con praza en pro-

riedade e o desempeño, se é o caso, de postos específicos da estrutura das institucións sanitarias.

O máximo da puntuación adicional a que se refire o parágrafo anterior non poderá exceder do 25 por 100 da puntuación máxima posible do conxunto dos exercicios da fase de oposición.

En ningún caso a puntuación adicional ou da fase de concurso poderá ser aplicada para superar exercicios da fase de oposición.

3. Na fase de oposición polo sistema de promoción interna poderá establecerse a exención dun dos exercicios a aqueles aspirantes que procedan de categorías da mesma especialización funcional cás prazas que se van prover, e sempre que o exercicio exento garde adecuada relación coa función exercida.

CAPÍTULO II

Provisión de prazas

SECCIÓN 1.^a CONCURSO DE TRASLADOS

Artigo 16. *Prazas que se van prover.*

1. Proveranse por concurso de traslado as prazas básicas de cada categoría que a convocatoria determine. As prazas non convocadas ou non adxudicadas no concurso de traslados proveranse directamente mediante as correspondentes probas selectivas.

2. A adxudicación das prazas convocadas no concurso de traslados efectuarase de acordo cun baremo de méritos, que valorará principalmente o tempo de servizos prestados nas administracións e servizos públicos desempeñando postos de traballo de igual contido funcional cá praza obxecto do concurso.

Artigo 17. *Requisitos para acceder ó concurso.*

1. Terá acceso á convocatoria do concurso o persoal estatutario fixo ou do cadro de persoal da categoría e especialidade correspondente e que se encontre desempeñando ou teña reservada praza nas institucións sanitarias da Seguridade Social, sexa cal sexa a Administración pública da que esta dependa, así como o persoal que se encontre en situación distinta á de activo procedente de praza de tales institucións.

2. Será requisito para ser admitido ó concurso:

a) Para o persoal en activo ou con reserva de praza: que tomase posesión da praza desempeñada cun ano de antelación, como mínimo, ó remate do prazo establecido no artigo 18.1 deste real decreto-lei.

b) Para o persoal en situación distinta á de activo e que non ostente reserva de praza: reuni-los requisitos legais e regulamentarios para incorporarse ó servizo activo o último día do prazo establecido no artigo 18.1 deste real decreto-lei.

Artigo 18. *Tramitación e resolución do concurso.*

1. A convocatoria do concurso, que se publicará no boletín ou diario oficial correspondente, determinará o prazo para a presentación de solicitudes, que non poderá ser inferior a un mes. Unha vez transcorrido o prazo de reclamacións contra a resolución provisional do concurso, non se admitirán nin modificacións das solicitudes presentadas nin a retirada do concurso.

2. Á vista das prazas solicitadas polos concursantes e dos méritos acreditados por estes, aprobarase a resolución provisional do concurso, que se fará pública na forma en que a convocatoria determine.

Os interesados disporán de prazo de quince días, contados desde a súa publicación, para formular reclamacións contra a resolución provisional.

3. As reclamacións formuladas contra a resolución provisional serán rexeitadas ou admitidas por medio da resolución definitiva, que será aprobada pola autoridade convocante e se publicará na mesma forma en que foi publicada a convocatoria do concurso.

4. Os destinos adxudicados serán irrenunciabes.

Artigo 19. *Cesamentos e tomas de posesión.*

1. Os concursantes que obteñan praza deberán cesar na que, se é o caso, desempeñen, dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución definitiva.

2. A toma de posesión da nova praza deberá efectuarse dentro dos tres días seguintes ó do cesamento, se as prazas son da mesma localidade; no prazo de quince días, se son de distinta localidade do mesmo sector ou área de saúde, ou no dun mes, se pertencen a distinta localidade e sector ou área de saúde. No caso de que a adxudicación de praza supoña o reingreso ó servizo activo, o prazo de toma de posesión será dun mes, contado desde a publicación da resolución definitiva do concurso.

Cando a resolución do concurso implique cambio no servizo de saúde de destino, o prazo de toma de posesión será dun mes, contado desde o día do cesamento.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e a pedimento do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados por tempo non superior á metade da súa duración inicial.

3. Excepto cando a resolución do concurso implique o reingreso ó servizo activo, o prazo de toma de posesión e, se é o caso, a súa prórroga, terá a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes con cargo á praza de destino.

4. Cando así se estableza na convocatoria, o cesamento e a toma de posesión poderán ser demorados para facelos coincidir coas tomas de posesión derivadas da resolución do proceso selectivo correspondente.

5. Cando un concursante non tome posesión da súa nova praza dentro do prazo posesorio ou, se é o caso, da súa prórroga, entenderase que renuncia a ela e causará baixa na súa categoría como persoal estatutario, agás que tal extremo se produza por causas suficientemente xustificadas, así apreciadas, logo de audiencia do interesado, pola autoridade convocante. En tal caso poderán deixarse sen efecto esta baixa, debendo o interesado incorporarse á nova praza tan pronto como desaparezan os motivos que imposibilitaron a súa toma de posesión.

SECCIÓN 2.^a PROVISIÓN DE POSTOS DE CARÁCTER DIRECTIVO

Artigo 20. *Sistema de provisión.*

1. Os postos de carácter directivo das institucións sanitarias do Instituto Nacional da Saúde proveranse polo sistema de libre designación, conforme o previsto nos cadros de persoal correspondentes.

2. As convocatorias para a provisión de tales postos publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», e nelas poderán participar tanto o persoal estatutario da Seguridade Social como os funcionarios públicos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, e das leis de función pública das comunidades autónomas, sempre que reúnan os requisitos esixibles en cada caso.

3. Cando sexan nomeados funcionarios públicos para tales postos, manteranse na situación de servizo activo nos seus corpos de orixe, sen prexuízo de que lles sexan de aplicación as normas sobre persoal das institucións sanitarias e o réxime retributivo establecido para o posto de traballo desempeñado.

4. A provisión dos órganos de dirección dos centros, servizos e establecementos sanitarios poderán efectuarse tamén conforme o réxime laboral especial de alta dirección, regulado no Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto.

Enténdese por órganos de dirección, para os efectos previstos no parágrafo anterior, os directores xerentes dos Centros de Gasto de Atención Especializada e Atención Primaria, así como os subxerentes e os directores e subdirectores de división.

Artigo 21. *Resolución da convocatoria.*

Os postos convocados conforme o establecido nesta sección poderán ser declarados desertos, por acordo motivado, cando non concorran solicitantes idóneos para o seu desempeño.

Artigo 22. *Cesamentos.*

O persoal nomeado para o desempeño dun posto de traballo por libre designación poderán ser cesado discrecionalmente pola autoridade que acordou o seu nomeamento.

SECCIÓN 3.^a PROVISIÓN DE POSTOS DE XEFATURA DE UNIDADE

Artigo 23. *Sistema de provisión.*

1. Cando os postos de xefatura de unidade, tanto sanitaria como non sanitaria, o teñan así establecido nos cadros de persoal correspondentes, proveranse polo sistema de libre designación, conforme o establecido nesta sección.

2. A convocatoria para a provisión de tales postos publicarase nos taboleiros de anuncios das institucións sanitarias do sector ou área de saúde ou, se é o caso, da provincia a que correspondan os postos ofertados.

3. A convocatoria especificará as características dos postos que inclúa e concederá un prazo non inferior a vinte días naturais para a presentación de solicitudes, que deberán sempre ir acompañadas do historial profesional do candidato.

Artigo 24. *Requisitos para acceder á convocatoria.*

1. Poderá participar nas convocatorias o persoal que na data da súa publicación estea prestando servizos en institucións sanitarias radicadas na correspondente provincia ou área de saúde, sempre e cando reúna os requisitos esixibles en cada caso.

2. O persoal fixo que obteña posto de traballo polo sistema de libre designación regulado nesta sección terá dereito á reserva dunha praza básica da súa categoría no sector ou área de saúde.

3. O persoal nomeado para un posto de traballo de libre designación poderán ser cesado discrecionalmente pola autoridade que acordou o seu nomeamento.

Artigo 25. *Resolución da convocatoria.*

Os postos convocados para a súa provisión por libre designación poderán ser declarados desertos cando non concorran solicitantes idóneos para o seu desempeño.

CAPÍTULO III

Normas específicas

Artigo 26. *Supostos especiais.*

Os procedementos de selección e de cobertura de prazas básicas de persoal facultativo asistencial, así como os de provisión de postos de coordinadores e responsables de enfermería dos equipos de Atención Primaria, rexeranse polos sistemas que con carácter xeral se establecen neste real decreto-lei coas peculiaridades previstas neste capítulo.

SECCIÓN 1.^a COORDINADORES DE EQUIPO E RESPONSABLES DE ENFERMERÍA DE EQUIPOS DE ATENCIÓN PRIMARIAArtigo 27. *Sistema de provisión.*

1. Os postos de coordinadores de equipo e de responsables de enfermería dos equipos de Atención Primaria serán provistos polo sistema de libre designación entre o persoal da correspondente categoría que preste servizos no mesmo equipo.

2. O nomeamento expedirase por un período de catro anos que poderá ser renovado, sen prexuízo da facultade de acordar discrecionalmente o cesamento que corresponde á autoridade que efectuou o nomeamento, logo de audiencia do interesado.

3. O profesional nomeado para o posto de coordinador ou responsable de enfermería de equipo de Atención Primaria conservará a titularidade da correspondente praza básica da súa categoría, as funcións da cal continuará desempeñando, tanto mentres ocupe ese posto como cando se produza o seu cesamento nel.

Artigo 28. *Acceso de persoal non estatutario.*

Cando nos equipos de atención primaria preste servizo persoal de distintas administracións públicas, o procedemento para nomealos coordinadores e responsables de enfermería axustarase ó establecido nos acordos e convenios a que se refire a disposición transitoria terceira.³ da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

SECCIÓN 2.^a FACULTATIVOS ESPECIALISTAS DE ÁREAArtigo 29. *Distribución de prazas.*

1. As prazas da categoría de facultativos especialistas de área do Instituto Nacional da Saúde proveranse de acordo coas seguintes porcentaxes:

- a) Un tercio das vacantes polo sistema de concurso de traslados.
- b) Dous tercios das vacantes polo sistema de probas selectivas mediante concurso-oposición.

2. As porcentaxes establecidas no punto anterior aplicaranse ó número global de prazas convocadas en cada unha das especialidades.

Cando o número de vacantes dunha especialidade impida a aplicación exacta destas porcentaxes, as prazas que excedan incluíranse na convocatoria do concurso de traslados.

Artigo 30. *Sistema de selección.*

As probas selectivas para o acceso á categoría de facultativos especialistas de área efectuaranse polo sistema de concurso-oposición.

1. Na fase de concurso valoraranse os méritos que se determinen no correspondente baremo, que se aprobará conforme os seguintes criterios e puntos:

a) Formación universitaria: neste punto serán valorados os expedientes académicos correspondentes ós estudos de licenciatura e, se é o caso, de doutoramento, cunha puntuación máxima equivalente ó 15 por 100 da puntuación total do baremo.

b) Formación especializada: neste punto será valorada a posesión de títulos oficiais das especialidades sanitarias que se determinen, así como os períodos de formación e residencia previos á adquisición daqueles. A puntuación máxima por este punto será equivalente ó 35 por 100 da puntuación total do baremo.

c) Experiencia profesional: serán valorados os servizos prestados como profesional das especialidades que se determinen, en institucións sanitarias da Seguridade Social ou en institucións con programa acreditado para a docencia pola correspondente Comisión Nacional. Con carácter adicional, poderán ser valorados servizos noutras institucións públicas ou privadas, así como en centros estranxeiros con programa recoñecido de docencia para posgraduados. A puntuación máxima por este punto será equivalente ó 35 por 100 da puntuación máxima total do baremo.

d) Outras actividades: serán valoradas neste punto as actividades de carácter científico, docente, discente e de investigación, así como os servizos prestados nas administracións públicas desempeñando funcións de ordenación e planificación de servizos sanitarios. A puntuación máxima deste punto equivalerá ó 15 por 100 da puntuación máxima total do baremo.

e) Con carácter adicional, e para prazas de institucións sanitarias situadas en comunidades autónomas onde exista, ademais da lingua oficial do Estado, outro idioma oficial, poderá recoñecerse unha puntuación nos termos que prevexan as disposicións aplicables, a aqueles aspirantes que acrediten o seu coñecemento.

2. A fase de oposición, a puntuación máxima da cal será igual á máxima total do baremo da fase do concurso, constará, polo menos, dun exercicio de carácter práctico, que será lido ou desenvolvido, conforme a convocatoria determine, ante o tribunal en sesión pública.

3. Nas probas selectivas que realicen polo sistema de promoción interna observaranse os seguintes criterios:

a) Fase de concurso: o baremo de méritos a que se refire o punto 1 anterior completárase cunha puntuación adicional, a máxima da cal non poderá exceder do 15 por 100 da puntuación máxima daquel, asignada en función da área profesional da categoría estatutaria de procedencia, dos servizos prestados nela e do desempeño de postos específicos dentro da estrutura das institucións sanitarias.

b) Fase de oposición: os aspirantes polo sistema de promoción interna deberán realizar tódolos exercicios da fase de oposición.

Artigo 31. *Tribunais.*

1. Os tribunais encargados de xulga-las probas selectivas de cada especialidade estarán compostos de oito membros.

O presidente do tribunal, tres dos vocais e o secretario serán directamente nomeados pola autoridade convocante.

Un vocal poderá ser proposto polas organizacións sindicais, nos termos en que se acorde nos pactos a que se refire a Lei 9/1987, do 12 de xuño.

Dous vocais serán nomeados por proposta da correspondente Comisión Nacional da Especialidade.

2. O presidente do tribunal será nomeado entre persoal que desempeñe posto de carácter directivo na estrutura da Administración pública ou Servicio de Saúde de que efectúe a convocatoria.

Tódolos vocais do tribunal deberán encontrarse en posesión da titulación correspondente á especialidade de que se trate.

O secretario será nomeado entre persoal fixo con funcións administrativas e titulación superior da Administración ou Servicio de Saúde de que efectúe a convocatoria. O secretario non terá voto nas materias relativas á cualificación dos aspirantes.

SECCIÓN 3.^a FACULTATIVOS DE ATENCIÓN PRIMARIA

Artigo 32. *Distribución de prazas.*

1. As prazas de facultativos de Atención Primaria do Instituto Nacional da Saúde proveranse mediante concurso de traslados e mediante probas selectivas desenvolvidas por concurso-oposición.

2. A metade das vacantes de cada especialidade en cada sector ou área de saúde serán ofertadas en cada un dos sistemas establecidos no punto anterior.

Cando o número de vacantes dunha especialidade existentes nunha área non permita a distribución exacta das prazas, a que exceda ofertarase a concurso de traslados.

Artigo 33. *Sistema de selección.*

As probas selectivas para prazas de facultativos de atención primaria efectuaranse polo sistema de concurso-oposición.

1. Na fase de concurso valoraranse os méritos que se determinen no correspondente baremo, do que a estrutura e valoración máxima de cada un dos seus puntos serán os establecidos no artigo 30.1 deste real decreto-lei.

2. Na fase de oposición realizarase un exercicio, consistente na contestación dun cuestionario de preguntas con respostas alternativas. Para superar tal exercicio, a puntuación máxima do cal será igual á máxima total do baremo da fase de concurso, será necesario contestar correctamente polo menos o 50 por 100 das preguntas formuladas.

3. As probas selectivas polo sistema de promoción interna desenvolveranse de acordo cos criterios fixados no artigo 30.3 deste real decreto-lei.

Artigo 34. *Tribunais.*

1. As probas selectivas para prazas do Instituto Nacional da Saúde desenvolveranse de forma descentralizada, cunha única convocatoria e un único tribunal para a fase de oposición.

A fase de concurso será valorada por tribunais constituídos en cada unha das localidades onde se realicen as probas.

2. Os tribunais estarán compostos de sete membros. Tres vocais serán nomeados por proposta da Comunidade Autónoma correspondente, ou por proposta conxunta destas para o tribunal da fase de oposición, un por proposta da Comisión Nacional da Especialidade e un por proposta das organizacións sindicais, nos termos que se determinen nos pactos a que se refire a Lei 9/1987, do 12 de xuño.

Tódolos vocais do tribunal deberán encontrarse en posesión da titulación correspondente á especialidade de que se trate.

O presidente e o secretario do tribunal, que terá voz e voto, serán designados pola autoridade convocante de acordo cos criterios sinalados no artigo 31.2 deste real decreto-lei.

Disposición adicional primeira. *Sistemas selectivos e distribución de prazas no Instituto Nacional da Saúde.*

No ámbito do Instituto Nacional da Saúde, e con carácter xeral, as probas selectivas para o acceso a prazas de carácter sanitario ou asistencial desenvolveranse por concurso-oposición e as de acceso a prazas de carácter non sanitario por oposición.

Non obstante, tales regras xerais poderán alterarse para as convocatorias dunha determinada categoría, cando diso se derive unha maior racionalización do proceso de provisión de prazas, aconsellada pola estrutura sociolaboral do colectivo de profesionais que poidan acceder ás convocatorias e en tal sentido se acorde na correspondente mesa sectorial prevista na Lei 9/1987, do 12 de xuño.

Disposición adicional segunda. *Inclusión no Estatuto xurídico do persoal médico da Seguridade Social.*

Quedan incorporadas ó Estatuto xurídico do persoal médico da Seguridade Social tódalas prazas correspondentes ás especialidades sanitarias legalmente recoñecidas para licenciados universitarios, con independencia da licenciatura requirida para a obtención do correspondente título. O persoal que desempeñe estas prazas resultalle de aplicación o citado estatuto.

Disposición adicional terceira. *Creación e modificación de categorías.*

A creación, supresión, unificación ou modificación de categorías efectuarase, en cada Administración pública, mediante norma do rango que, en cada caso, proceda, logo de negociación na correspondente mesa sectorial.

Conforme o previsto no artigo 40. once da Lei xeral de sanidade, as novas categorías poderán ser homologadas pola Administración xeral do Estado, para efectos de participación en concursos de traslados e logo do informe do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, ás existentes noutras administracións públicas.

De igual forma, poderá acordarse a integración do persoal fixo de categorías que se declaren a extinguir noutras categorías, sempre que correspondan ó mesmo grupo de clasificación e teñan asignadas áreas funcionais coincidentes.

Disposición adicional cuarta. *Persoal temporal.*

Cando sexa imprescindible, por razóns do servizo, a incorporación de persoal temporal, a súa selección efectuarase por procedementos que, respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, garantan a necesaria axilidade e eficacia, e contendo a participación das organizacións sindicais.

O persoal así nomeado poderá manterse na praza ata a incorporación a esta de persoal estatutario fixo designado para o seu desempeño, ou ata que aquela sexa amortizada.

Disposición adicional quinta. *Redistribución de efectivos.*

Cando, con motivo de reforma do cadro de persoal, sexa precisa a redistribución de efectivos nun sector ou área de saúde, o traslado acordarase a favor dos que voluntariamente o soliciten. Se as solicitudes fosen superiores ou inferiores ó número de prazas existentes, habilitarase un procedemento no que poderán ofertarse, para traslado voluntario, prazas básicas da mesma categoría doutros sectores ou áreas de saúde.

Este procedemento fixarase logo de negociación na correspondente mesa sectorial.

Disposición adicional sexta. *Reingreso ó servizo activo.*

O reingreso ó servizo activo do persoal que non teña reservada praza efectuarase mediante a súa participación na convocatoria de concursos de traslado conforme o establecido no artigo 17 deste real decreto-lei.

Así mesmo, o reingreso poderá producirse con carácter provisional por adscrición a unha praza vacante da correspondente categoría e especialidade na mesma área de saúde, na súa correspondente modalidade de atención primaria ou atención especializada, na que lle foi concedida a excedencia. No suposto de que non existan vacantes nesta área na súa correspondente modalidade, o interesado poderá solicitarlo reingreso en calquera outra. Para estes efectos, terán consideración de vacantes as prazas básicas de cada categoría desempeñadas por persoal temporal.

A praza desempeñada con carácter provisional incluírase no primeiro concurso de traslados que se celebre. Se quen a desempeñe con destino provisional non obtén praza no concurso, tendo solicitado tódalas convocadas na modalidade e área de saúde, poderá optar por obter novo destino provisional nalgunha das prazas que resulten vacantes como consecuencia da súa resolución ou por pasar novamente á situación de excedencia voluntaria.

Disposición adicional sétima. *Selección de persoal sanitario do grupo B.*

As probas selectivas de persoal sanitario do grupo de clasificación B, previsto no Real decreto-lei 3/1987, do 11 de setembro, efectuaranse mediante convocatoria dividida nas especialidades de Atención Primaria e de Asistencia Especializada.

Disposición adicional oitava. *Proposta de vocais por institucións e organizacións.*

Cando non se efectúe a proposta de vocais a que se refiren os artigos 5.3, 31.1 e 34.2 deste real decreto-lei, nun prazo de quince días contados desde a solicitude, os correspondentes membros dos tribunais poderán ser directamente designados pola autoridade convocante.

Disposición adicional novena. *Determinación de baremos de méritos e bases xerais de convocatoria.*

As bases xerais de convocatoria e os baremos de méritos a que se refire este real decreto-lei fixaranse logo de negociación na correspondente mesa sectorial. O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde poderá aprobar criterios xerais sobre o seu contido e estruturación.

Disposición adicional décima. *Acceso a outra categoría por persoal estatutario fixo.*

Cando o persoal estatutario fixo dunha determinada categoría obteña, logo de supera-las probas selectivas, nomeamento en propiedade noutra categoría estatutaria, poderá optar, no momento de tomar posesión da nova praza, por pasar á situación de excedencia voluntaria nunha delas. A falta de opción expresa, entenderase que se solicita a excedencia voluntaria na categoría de orixe.

Disposición adicional décimo primeira. *Convocatorias conxuntas ou coordinadas.*

Logo de acordo entre distintas administracións públicas, poderán efectuarse convocatorias conxuntas ou coordinadas de probas selectivas ou de concursos de traslados para a provisión de prazas dunha determinada categoría e especialidade nos Servizos de Saúde dependentes delas.

Disposición adicional décimo segunda. *Persoal estatutario do Instituto Social da Mariña.*

O persoal estatutario fixo que desempeñe praza en propiedade nas institucións sanitarias da Seguridade Social xestionadas polo Instituto Social da Mariña, poderá acceder, nas mesmas condicións e requisitos có restante persoal estatutario, ás prazas convocadas mediante os sistemas de provisión regulados neste real decreto-lei.

Disposición adicional décimo terceira. *Situación especial en activo.*

A situación especial en activo, regulada no artigo 48 do Estatuto de persoal sanitario non facultativo será aplicable, nos mesmos casos e con idénticos efectos, ó persoal non sanitario das institucións sanitarias da Seguridade Social.

Disposición adicional décimo cuarta. *Provisión de postos de xefes de servizo e de sección de carácter asistencial no Instituto Nacional da Saúde.*

Os postos de xefes de servizo e de sección de carácter asistencial nas unidades de asistencia especializada do Instituto Nacional da Saúde proveranse mediante convocatoria pública, na que poderán participar tódolos facultativos con nomeamento de persoal estatutario que ostenten praza en propiedade nas institucións sanitarias da Seguridade Social, mediante un proceso de selección baseado na avaliación do currículo profesional dos aspirantes e nun proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade asistencial.

Os aspirantes seleccionados obterán un nomeamento temporal para o posto de catro anos de duración, ó remate dos cales serán avaliados para efectos da súa continuidade nel.

Disposición adicional décimo quinta. *Aplicación na Comunidade Foral de Navarra.*

O presente real decreto-lei aplicarase na Comunidade Foral de Navarra nos termos establecidos no artigo 149.1.16.^a e 18.^a; na disposición adicional primeira da Constitución e na Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

Disposición transitoria primeira. *Convocatorias realizadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto-lei.*

Os procedementos de selección de persoal estatutario e de provisión de prazas nas institucións sanitarias da Seguridade Social, convocados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto-lei, consideraranse válidos en tanto non se opoñan ás previsións desta norma.

Este real decreto-lei será aplicable ás convocatorias que, na súa entrada en vigor, se encontren aínda en tramitación.

Disposición transitoria segunda. *Convocatorias previstas na disposición adicional vixésima da Lei 66/1997.*

Os procedementos de selección e provisión de prazas a convocatoria das cales derive das previsións da disposición adicional vixésima da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, ou das normas equivalentes das comunidades autónomas, regularanse polo establecido nestas disposicións e polos acordos e regras adoptados para a súa aplicación e supletoriamente polas normas deste real decreto-lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normas.*

1. Quedan derogados:

Do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social aprobado polo Decreto 2065/1974, do 30 de maio, os parágrafos terceiro e cuarto do artigo 110.2 e os artigos 45.3, 113, 114 e 115.3.

Do Estatuto xurídico do persoal médico da Seguridade Social, aprobado por Decreto 3160/1966, do 23 de decembro, e modificado por normas posteriores, os parágrafos segundo e terceiro do artigo 5, no relativo á duración da situación de interinidade e ó procedemento para nomear persoal interino, respectivamente; os artigos 15, 50.2, 51.1.3; os abrangidos entre o 52 e o 60, ambos inclusive, e os artigos 61, puntos 2 e 3, 62, 63 e 64.4.

Do Estatuto de persoal sanitario non facultativo das institucións sanitarias da Seguridade Social, aprobado por orde do Ministerio de Traballo do 26 de abril de 1973, e modificado por normas posteriores: o artigo 17.2 e os artigos abrangidos entre o 18 e o 38, ambos inclusive, así como os artigos 44, 108 bis, a), b), c), d) e e), e 114.3.

Do Estatuto de persoal non sanitario das institucións sanitarias da Seguridade Social, aprobado por orde do Ministerio de Traballo do 5 de xullo de 1971, e modificado por normas posteriores: os artigos 15, 16, 17, 19.d), 21, 26, 27.3, 28, 29, 33.8, 38, 40 e 40 bis, a), b), c), d) e e).

Cantos preceptos relativos á selección de persoal estatutario ou á provisión de prazas ou postos de traballo nas institucións sanitarias da Seguridade Social figuren nas disposicións anteriormente citadas.

2. Queda derogado o Real decreto 118/1991, do 25 de xaneiro, sobre selección de persoal estatutario e provisión de prazas nas institucións sanitarias da Seguridade Social.

3. Quedan derogados os artigos 10.1 e 12.1 do Regulamento sobre estrutura, organización e funcionamento dos hospitais xestionados polo Instituto Nacional da Saúde, aprobado por Real decreto 521/1987, do 15 de abril, e os Reais decretos 2166/1984, do 24 de decembro, e 1453/1989, do 1 de decembro, así como cantos preceptos relativos á selección de persoal estatutario ou á provisión de prazas ou postos de traballo nas institucións sanitarias da Seguridade Social se conteñan en normas de rango igual ou inferior ó deste real decreto-lei, con excepción das disposicións transitorias terceira e cuarta do Real decreto 571/1990, do 27 de abril.

Disposición derradeira primeira. *Normas básicas.*

1. Son normas básicas, de acordo co previsto no artigo 149.1.16.^a, 17.^a e 18.^a da Constitución, os seguintes preceptos deste real decreto-lei:

Do artigo 2, o punto 1, o primeiro parágrafo do punto 2 e os parágrafos a), b) e e) do punto 3.

Do artigo 3, o punto 1 e o último parágrafo do punto 3.

Do artigo 11, o punto 1, o primeiro parágrafo do punto 2 e o último parágrafo do punto 3.

Do artigo 12, o primeiro parágrafo do punto 3.

Do artigo 14, o punto 1 e o último parágrafo do punto 2.

Do artigo 15, o último parágrafo do punto 2 e o punto 3.

O artigo 17.

Do artigo 18, o punto 4.

Do artigo 19, o punto 1, o segundo parágrafo do punto 2, o punto 3 e o punto 5.

A disposición adicional segunda.

Da disposición adicional terceira, os dous últimos parágrafos.

Da disposición adicional quinta, o primeiro parágrafo.

A disposición adicional sexta.

A disposición adicional décima.

A disposición adicional décimo terceira.

2. Os preceptos non básicos deste real decreto-lei serán de aplicación ó persoal estatutario dos Servizos de Saúde das comunidades autónomas en ausencia de normativa autonómica específica na materia.

Disposición derradeira segunda. *Prazas vinculadas.*

As prazas vinculadas a que se refire o artigo 105 da Lei xeral de Sanidade proveranse polos sistemas establecidos nas normas específicas que resulten de aplicación, sen prexuízo de que os seus titulares poidan acceder ós postos de carácter directivo e de xefatura de unidade nas distintas institucións sanitarias polos procedementos regulados neste real decreto-lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto-lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de xaneiro de 1999.

JUAN CARLOS R.